



**XUNTA
DE GALICIA**

**Consellería de Educación Universidade e F.P.
C.E.I.P. Plurilingüe FRIAN - TEIS**

Rúa Gonderán 42 - 36206 VIGO (PONTEVEDRA)
Telf: 886 12 01 61 - Fax: 886 12 01 62; CIF: S-8600032-J
e-mail: ceip.frian.teis@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/ceipfrian/>

A TÓDALAS/OS NAIS/PAIS DO ALUMNADO

O **Consello Escolar** do centro é o órgano a través do cal participan na súa xestión os distintos membros da comunidade escolar. No noso centro está formado por:

- **O director**, que será o seu presidente
- **A xefa de estudos**
- **Cinco representantes do profesorado** elixidos polo claustro
- **Cinco representantes dos pais/nais**, un deles proposto pola ANPA
- **Un concelleiro/a ou representante do Concello**
- **Un representante do persoal non docente do centro**
- **A secretaria do centro**, que actuará como secretaria do Consello, con voz pero sen voto

Durante o mes de novembro, ábrese un proceso electoral nos colexios para a renovación parcial dos componentes do Consello Escolar, no noso caso, **dous PAIS/NAIS e tres MESTRES**, segundo se establece no Decreto 374/1996 da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

Pola importancia que estas eleccións teñen para o colexio, convidoo/a e animo/aa participar nas mesmas, presentando a súa candidatura ou votando á que lle pareza máis convinte das que se presenten, así como asumir a responsabilidade de formar parte da Xunta Electoral ou da Mesa Electoral, se é o caso.

O sorteo público para designar **un pai/nai e un profesor/a** que, xuntamente co **Director**, constituirán a **XUNTA ELECTORAL** que organizará e supervisará este procedemento de renovación parcial dos membros do **CONSELLO ESCOLAR**, será o vindeiro venres día 28 de outubro no departamento de dirección do colexio ás 10:15 horas.

Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar a súa candidatura para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que figurarán nas distintas convocatorias que próximamente se farán públicas pola Xunta Electoral do Centro.

Vigo, 26 de outubro de 2022




O DIRECTOR